

Concello da Capela

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

A Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, outorgoulle ao Concello da Capela unha achega por importe de **60.000,00 €** ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, para o investimento denominado **“Mellora da cuberta e fachadas en instalacións deportivas municipais (ximnasio e vestiarios da piscina)”**.

2. Descrición da situación actual

2.a. Situación na Institución

Debido ao paso do tempo, ás inclemencias meteorolóxicas e algunhas deficiencias na execución dos acabados do edificio, este acusa na actualidade un importante deterioro principalmente cara ó exterior, polo que desde o Concello da Capela preténdese a súa mellora co obxectivo de mantelo en bo estado de uso e conservación ao ser unha instalación moi demandada e cun uso frecuente pola poboación.

As patoloxías detectadas afectan principalmente aos cerramentos e á cuberta do edificio, debidas fundamentalmente ás filtracións que se producen nalgúns puntos da cuberta polo deterioro do material de cubrición e a incorrecta instalación do captador solar térmico sobre ela, así como do deficiente estado tanto dos canlóns e das baixantes de recollida de pluviais.

A maiores, o inadecuado selado das carpinterías nos encontros cos cerramentos de fachada e o feito de carecer de pingadeiras nas soleiras das ventás fai que se produzan filtracións de auga cara o interior do edificio.

2.b. Marco normativo

De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, a contratación e execución da obra encaixa dentro do tipo contractual do “contrato de obras” e, polo tanto, o marco normativo será o establecido para este tipo na mencionada norma.



Concello da Capela

3. Obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a execución da obra denominada “**Mellora da cuberta e fachadas en instalacións deportivas municipais (ximnasio e vestiarios da piscina)**”, de acordo co proxecto técnico redactado para o efecto por Cerna Arquitectos, S. C. P.

4. Análise Técnica

O proxecto de obra foi redactado por María Cruz Vigo, arquitecta Colexiada COAG 3556 e Francisco Javier Prieto Orallo, arquitecto Colexiado COAG 5061, e nel figuran as condicións técnicas e requirimentos referentes a esta obra e non se divide en lotes aos efectos da súa licitación e contratación.

5. Análise Económica

a. Valor estimado

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de **49.586,78 €**.

b. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

En principio non se aprecia incidencia algunha pola execución desta obra, que está financiada ao 100% pola achega do Fondo de Cooperación Local, na estabilidade orzamentaria e na sustentabilidade financeira do concello.

Igualmente faise constar que non se esperan repercusións ou efectos económicos para o concello durante a execución da obra, así como alomenos nos dez anos seguintes ao seu remate.

6. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

O procedemento de contratación que se empregará será o aberto simplificado sumario, todo elo tendo en conta o valor estimado do contrato e o reducido prazo establecido pola Dirección Xeral de Administración Local para a execución das obras e a xustificación da subvención que as financia, polo cal é necesario empregar o procedemento de contratación máis áxil.

6.b. Cualificación do contrato

Á vista do establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a cualificación do contrato de referencia é a seguinte:



Concello da Capela

-Contrato de obras

6.c. Análise da execución por lotes

Por Resolución da Alcaldía número 2024-0305, do 6 de agosto, acordouse a **non división en lotes** do contrato, de conformidade co manifestado no informe técnico número 2024-0053, do 6 de agosto, polo Arquitecto Municipal, nos seguintes termos:

— As obras proxectadas, conforme figuran recollidas no proxecto técnico, plantéxanse para ser executadas nunha única fase, constituíndo unha obra completa ou unidade funcional susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, comprendendo todos e cada un dos elementos precisos para utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

— Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non poder ser dividido en lotes que sexan obra completa.

6.d. Duración

Ao abeiro do establecido no proxecto de obra, considérase que o prazo adecuado de execución do contrato debe ser de **dous (2) meses**.

